

NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) organiza o Curso Técnico de Acuariofilia Comercial a desenvolver no Instituto de Acuicultura da USC en Santiago

O sector carece dunha regulación específica respecto á formación requirida para desenvolver a actividade

Santiago, 26 de febreiro de 2014.- A Acuariofilia Empresarial é unha profesión innovadora, que experimenta unha expansión sen precedentes nos países industrializados. Sen embargo, aínda non se contempla na lista de cualificacións profesionais, polo que non existe unha lexislación que regule e esixa formación regulada para a obtención dun certificado profesional.

A **Acuariofilia Comercial** é “terra de ninguén”: por exemplo, en Galicia, este sector está regulado pola Lei 1/1993, de protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade mais porén o manexo de acuarios e peixes dista bastante do trato con animais de gandería, ou dos cans e gatos.

A Acuariofilia é unha actividade coa que se pode alcanzar unha gran profesionalización e obter resultados excepcionais xa que inclúe o dominio do tratamento da agua, que permita a reprodución e comercialización de seres acuáticos, tanto no terreo docente e científico como no empresarial e profesional.

O obxectivo xeral do **Curso Técnico de Acuariofilia Comercial**, cuxo prazo de inscrición remata o día 28 e comenza o 5 de marzo, é ofrecer formación técnica e profesional ás persoas que precisan manexar acuarios e peixes, e que defina a competencia profesional propia de esta cualificación, ao constituír unha ferramenta de primeira orde para todos os que traballan e investigan con organismos acuáticos.

Os destinatarios principais son empresarios e técnicos de comercios especializados e clínicas veterinarias, representantes comerciais, técnicos de acuarios públicos, acuariófilos, estudantes e incluso docentes que queiran aplicar as técnicas acuariófilas nos seus talleres de ciencias.

A información relativa ás características do curso, datas, horarios... poden atoparse en <http://acuariologia.org/acqua/acuariofilia/index.html>

Colaboran: Instituto de Acuicultura–USC, Instituto Investigacións Mariñas–CSIC, Acuariologia.org, Moisés Mascotas, Bichos, Acuario de O Grove, Asociación Galega de Acuariofilia e Terrariofilia-ASGAT, Bassleer Biofisf-OFI, Dimac-Eheim, Mars-API-Rena, El Acuario Gallego, Iberfrost-Aquatronica, Acuaporé–Lopeix.